




XUNTA  
DE GALICIA



BIBLIOTECAS  
ESCOLARES  
DE GALICIA

# PERSOAS RELATORAS



A imaxe é un retallo do cartel das bibliotecas escolares para o curso 2024/25, "Biblioteca escolar, a escena!", creado por Xoana Almar

## XORNADA BIBLIOTECA CREATIVA 2025



5 DE FEBREIRO DE 2025



EGAP. SANTIAGO DE COMPOSTELA



# XORNADA BIBLIOTECA CREATIVA 2025

## CONFERENCIA INAUGURAL

Lucas Ramada Prieto e Diego A. López Rodríguez



### Lucas Ramada Prieto

**Lucas Ramada Prieto** é investigador e doutor Internacional en Didáctica da Lingua e a Literatura pola Universidade Autónoma de Barcelona, especializado en estética da ficción dixital infantil e xuvenil e a súa relación coa educación artística e literaria dos nenos, nenas e xoves.

Dedícase principalmente á formación de docentes, bibliotecarias e mediadoras culturais para integrar esta forma de arte dentro das súas prácticas profesionais, ademais de divulgar o seu coñecemento na primeira canle de Instagram en español dedicada a este tema: "Esto No va de Libros".

É coordinador de Ficción En Joc, o programa de mediación con ficción dixital infantil do servizo de bibliotecas públicas da Diputación de Barcelona, membro colaborador do grupo de investigación GRETEL da Universitat Autónoma de Barcelona. Ademais, foi xurado do premio de cultura dixital da Feria del Libro de Bolonia (2020) e traballou con múltiples institucións internacionais e de renome como o CERLALC-UNESCO, a Electronic Literature Organization, o laboratorio Emilia, a Secretaría de Cultura de México ou o Centre de Cultura Contemporànea de Barcelona.

É co-autor, xunto a Teresa Colomer, Mireia Manresa e Lara Reyes López de *Narrativas Literarias en Educación Infantil y Primaria* (Editorial Síntesis).



### Diego A. López Rodríguez

**Diego A. López Rodríguez** é mestre de Educación Física no CEIP Emilia Pardo Bazán (A Coruña), e responsable da biblioteca escolar do centro desde 2018 ata a actualidade.

### ***Aprendendo a xogar: necesidades e urxencias para unha didáctica da ficción dixital***

Aos poucos, todo o mundo vai entendendo a importancia de atender a cultura dixital como algo esencial para a educación contemporánea da infancia e a adolescencia. A cuestión é: estamos preparadas para iso? por onde empezamos? empezamos realmente de cero ou podemos aproveitar habilidades, competencias e sabedorías doutras disciplinas con máis tradición na nosa formación?

Nesta conferencia partiremos da reflexión das necesidades que o persoal docente actual podería ter para o desenvolvemento real dunha suposta didáctica da ficción dixital e poñeremos o exemplo dun club de xogo compartido na biblioteca escolar dun centro como bo exemplo de punto de inicio.



# XORNADA BIBLIOTECA CREATIVA 2025

## OBRADOIROS



### Almudena Alonso Ferreiro e Elena María Cuiñas Insua

**Almudena Alonso Ferreiro** é mestra especialista en Educación Infantil e licenciada en Psicopedagogía pola Universidade de Santiago de Compostela. É doutora en Deseño e Innovación na Formación pola USC. Docente de Tecnoloxía Educativa na Facultade de Educación e Tráballo

Social da Universidade de Vigo, nos Graos de Educación Infantil e Educación Primaria.

É fundadora do proxecto aberto Competencia Dixital, dende a escola coa escola, que aborda o achegamento ás novas linguaxes a través de metodoloxías activas. Un proxecto centrado en tecnoloxías libres, no que o escornabot ocupa un lugar central.

As súas liñas de investigación céntranse na Tecnoloxía Educativa dende unha perspectiva crítica e xiran arredor de tres eixos fundamentais: a integración das tecnoloxías dixitais na educación, a competencia dixital en sentido amplo e a formación docente inicial e permanente.



**Elena María Cuiñas Insua** é enxeñeira técnica industrial e especialista en Tecnoloxía Educativa. Descubriu a Robótica Educativa nun obradoiro impartido por Competencia dixital e ROBOteach, proxectos nos que agora colabora.

Interesada no emprego de recursos libres e relatora habitual en obradoiros con Escornabots nos centros escolares de Galicia

<https://competenciadixital.org>

<https://www.roboteach.es>

### *Escornabots na biblioteca escolar*

Neste obradoiro imos a explorar, descubrir e experimentar o potencial educativo do escornabot nas bibliotecas escolares. Brindaremos un espazo de aprendizaxe baseado na experiencia para adentrarmos na robótica educativa e na linguaxe de programación, unha linguaxe que nos permite comprender como funciona e como se crea a tecnoloxía coa que convivimos cada día.



# XORNADA BIBLIOTECA CREATIVA 2025

## OBRADOIROS



### Jorge Campos Sánchez

**Jorge Campos Sánchez** é ilustrador e arquitecto, e defínese como ilustratecto.

Como ilustrador, o seu traballo céntrase no ámbito do cómic e da ilustración infantil e xuvenil. Obtivo o primeiro premio en varios certames e impartiu cursos de cómic en escolas e institucións. No 2018, a súa obra *Alter-nativo* (Aira Editorial) obtivo o premio ao mellor libro de banda deseñada na Gala do Libro Galego. Recentemente vén de publicar traballos a nivel nacional e en Francia.

Tamén realizou portadas e maquetacións de libros, ilustracións para web, así como deseño de logotipos, carteis, camisetas, calendarios, mapas e xogos.

Actualmente, desenvolve tanto encargos coma proxectos persoais e colabora de forma puntual con varios estudos de arquitectura.

Entre os seus recoñecementos conta co primeiro premio do Certame de Cómic de Cangas en tres edicións consecutivas (2015, 2016 e 2017), co primeiro premio no concurso para ilustrar o mural do Museo da Música de Barbadás e formou parte do equipo gañador do Premio Juana de Vega de Arquitectura no ano 2011.

[BEHANCE](#) | [X](#) | [FACEBOOK](#) | [INSTAGRAM](#)

### ***Iniciación á Banda Deseñada***

Este obradoiro de Iniciación á banda deseñada vai dirixido a quen toma por primeira vez contacto co medio, así como a aqueles que queiran redescubrir as bases sobre as que se asenta esta arte.



# XORNADA BIBLIOTECA CREATIVA 2025

## OBRADOIROS

### Lucas Ramada Prieto



**Lucas Ramada Prieto** é investigador e doutor Internacional en Didáctica da Lingua e a Literatura pola Universidade Autónoma de Barcelona, especializado en estética da ficción dixital infantil e xuvenil e a súa relación coa educación artística e literaria dos nenos, nenas e xoves.

Dedícase principalmente á formación de docentes, bibliotecarias e mediadoras culturais para integrar esta forma de arte dentro das súas prácticas profesionais, ademais de divulgar o seu coñecemento na primeira canle de Instagram en español dedicada a este tema: "Esto No va de Libros".

É coordinador de Ficción En Joc, o programa de mediación con ficción dixital infantil do servizo de bibliotecas públicas da Diputación de Barcelona, membro colaborador do grupo de investigación GRETEL da Universitat Autònoma de Barcelona. Ademais, foi xurado do premio de cultura dixital da Feria del Libro de Bolonia (2020) e traballou con múltiples institucións internacionais e de renome como o CERLALC-UNESCO, a Electronic Literature Organization, o laboratorio Emilia, a Secretaría de Cultura de México ou o Centre de Cultura Contemporànea de Barcelona.

É co-autor, xunto a Teresa Colomer, Mireia Manresa e Lara Reyes López de *Narrativas Literarias en Educación Infantil y Primaria* (Editorial Síntesis).

### ***Xogar para falar de xogar: dispositivos didácticos e función dixital***

O obradoiro consiste nunha breve viaxe que se inicia coa posta en práctica do proxecto de biblioteca creativa no noso centro, e como ao longo de todos estes anos se vai desenvolvendo, vai crescendo e articulando novas estratexias pedagóxicas.

Durante a exposición, presentaranse gran variedade de recursos materiais, a través de evidencias recollidas en imaxe e vídeo, ao longo dos cursos académicos desde a súa posta en funcionamento.

E, para rematar, a posta en valor do traballo cooperativo e colaborativo co resto dos equipos do centro que consuman un proxecto global e integrador.



# XORNADA BIBLIOTECA CREATIVA 2025

## OBRADOIROS

### Pablo Otero e Mark Ritchie



**Pablo Otero** é un artista visual e ilustrador que expón os seus debuxos, esculturas e pinturas en galerías de toda Galicia. Recibiu o 1º Premio de Escultura no I Salón de Arte Xove de Ourense (1992), o Premio María Casares de Escenografía (1999), unha mención especial no Premio Llibreter (2000) por "Mateo" e o Premio Isaac Díaz Pardo de Ilustración (2011) por "Contos por teléfono"

Realizou estudos universitarios de Belas Artes, aínda que reivindica a súa formación de xeito autodidacta. Colabora en proxectos editoriais e formatos culturais diversos. Poemas e libros de artista, libro obxecto, revista infantil e xuvenil (foi autor de guión e ilustrador en *Golfinho*, a revista de B.D en galego), guías didácticas, obra gráfica, poesía visual, catálogos de arte ou álbum ilustrado. Posúe arredor de trinta títulos publicados en diferentes linguas.

**Mark Ritchie** é fotógrafo de Sydney (Australia). Estudou fotografía no Sydney Technical College entre 1981 e 1984 e mudouse a Europa en 1992.

Actualmente reside en Galicia. Mark traballou nun amplo abano de xéneros que inclúen o arquitectónico, o anuncio, o estudo, o retrato e a fotografía documental e ten un extenso arquivo de fotografía de stock en negro e branco e cor. Colaborou en diferentes convocatorias do Outono fotográfico e levou a cabo numerosas exposicións fotográficas en distintos puntos da nosa xeografía.

### ***Diccionario de espellos 2025. Autorretratos do A ao Z***

É un taller de fotografía, plástica e gráfica creativa impartido por Mark Ritchie xunto co artista plástico Pablo Otero. Unha proposta de creación multidisciplinar sobre a identidade.

No marco da educación estética esta actividade nace co desexo por valorar e dar resposta á nosa herdanza artística e cultural, empregando o tradicional do autorretrato e mais a palabra como materiais axeitados para contar e contarnos diante do espello o que somos.

Este taller propón a creación dun novo alfabeto plástico completo composto por felices binomios de caras e palabras. Materiais fermosos e cotiás sen relación aparente, que ao xuntarse conforman unha reflexión persoal e un obxecto poético rico.



# XORNADA BIBLIOTECA CREATIVA 2025

## OBRADOIROS

### Carlos Gallego Domínguez



**Carlos Gallego Domínguez** é ilustrador e deseñador gráfico. Especialízase no ámbito infantil e xuvenil ilustrando libros de texto para diferentes cursos de Educación Primaria e Secundaria. Tamén libros de narrativa como *A memoria dos pingüíns* (2023) e *Que sabes da Guerra Civil e o franquismo?* (2021). A súa obra tamén pode verse noutros proxectos de publicidade e comunicación para distintas empresas.

En docencia, ten cuberto as materias de Debuxo Técnico e Informática na Escola Técnica de Xoiería do Atlántico e impartiu as materias de Fundamentos da Representación e a Expresión e Proxectos de Gráfica Publicitaria na escola de deseño Aula D de Vigo.

Páxina web de Carlos Gallego:

<https://carlosgallegodominguez.com>

### **Colaxe**

Neste obradoiro propónse a técnica do colaxe como método para comprender e representar o mundo que nos rodea dunha maneira creativa. Mediante distintos exercicios descubriremos diferentes estratexias para converter sinxelos recortes de papel en todo tipo de elementos naturais e obxectos cotiáns.



# XORNADA BIBLIOTECA CREATIVA 2025

## OBRADOIROS

### María Lobo Romero



**María Lobo Romero** é xornalista e educadora, e traballa no eido da comunicación como ferramenta de educación, participación e cambio social. Conta con máis de dez anos de experiencia como educadora en proxectos de alfabetización mediática, cidadanía, pensamento crítico e innovación educativa.

Sempre preto da produción audiovisual, tamén traballa como produtora e montadora, aínda que nos últimos anos especializouse no traballo coa linguaxe audiovisual nas aulas, como estratexia formativa para o desenvolvemento de competencias dixitais, lingüísticas, culturais e de participación cidadá.

#### ***Creación audiovisual: Booktrailers para fomentar a lectura e a creatividade***

Esta actividade ten como obxectivo principal o desenvolvemento das competencias comunicativas, da creatividade audiovisual, a expresividade artística e o traballo en grupo.

A partir de libros ou contos breves, usaremos a linguaxe audiovisual como ferramenta para mellorar a comprensión lectora e a expresión escrita, ao tempo que desenvolvemos un traballo colectivo fortalecendo dinámicas baseadas no diálogo, a colaboración e o reparto de tarefas, a argumentación e a toma de decisións. De xeito transversal, esta actividade busca fomentar a lectura entre o alumnado de Educación Primaria, dende unha perspectiva innovadora e creativa.



# XORNADA BIBLIOTECA CREATIVA 2025

## OBRADOIROS

### Cristina González Larriba



**Cristina González Larriba** é licenciada en Historia da arte e Máster en Xestión Cultural. Desenvolve o seu labor profesional como educadora artística e docente en diversos contextos culturais e educativos da cidade de Vigo, no Museo MARCO Vigo, na Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel ou no Festival Sinsal (Illa de San Simón), desempeñando labores de xestión, coordinación, deseño e desenvolvemento de programas didácticos e proxectos culturais para diferentes tipos de público, así como deseñando programas de formación para profesorado.

Creadora do proxecto *Arte e Garabato: educación artística e creativa*, un proxecto itinerante que investiga, diseña e desenvolve propostas de aprendizaxe a través das artes plásticas e visuais desde un enfoque lúdico, creativo e diverxente.

### *Escenografías de papel*

Este obradoiro converterase nun laboratorio de creación onde exploraremos algúns exercicios e procesos arredor do concepto de escenografía. Convidaremos as persoas participantes a experimentar co deseño de espazos desde un enfoque lúdico e creativo.

O papel será o material principal co que traballaremos para crear proxectos individuais e colectivos, xerando diferentes narrativas visuais.

Falaremos sobre diversos termos asociados a distintas linguaxes e conceptos artísticos como a luz, a escala ou o volume.



# XORNADA BIBLIOTECA CREATIVA 2025

## OBRADOIROS

### Cristina Ultreia Silva Espiña



**Cristina Ultreia Silva Espiña** creou o proxecto *Alouette Machine* xunto con Jean-Baptiste, que se basea nunha imprenta tipográfica ambulante, movida por un motor de cinco cilindros.

Trátase dun espazo de creación para xerar de xeito colectivo material gráfico usando caixóns de letras, tintas, papeis para relacionar a forma das palabras co seu significado. Ademais da técnica da fotografía empregan cianotipia, gravado e serigrafía.

### *Imprenta creativa*

Neste obradoiro de imprenta creativa ensinaremos como se pode xogar cos elementos gráficos e o seu significado, ao tempo que imos coñecer como se facían os libros antigamente, ademais de carteis, postais ou tarxetas.

O obxectivo do obradoiro é:

- Traballar coa lingua e co emprego das palabras, explorando formas gráficas que se relacionen co seu significado.
- Valorizar o patrimonio cultural e medioambiental.
- Xerar materiais gráficos de xeito colectivo.



# XORNADA BIBLIOTECA CREATIVA 2025

## OBRADOIROS

### Rosa María Grille Riazuelo



**Rosa María Grille Riazuelo** é mestra desde hai máis de 20 anos, ligada ao equipo de biblioteca desde o ano 2007. Nos últimos anos, como coordinadora primeiro na biblioteca escolar Xoán Farias do CEIP de Pazos–Mestre García Niebla, e actualmente no CEIP de Maciñeira, en Neda. Esta biblioteca foise incorporando aos diferentes programas da Asesoría de Bibliotecas Escolares: Biblioteca Creativa; Lectura e familias; Bibliotecas Solidarias, Radio na Biblio e Club de Lectura. No curso 22/23 tamén entrou no proxecto Polos Creativos, no que a biblioteca escolar xoga un papel fundamental, xa que integra a través do Plan Lector todas as iniciativas no que atinxe á alfabetización informacional e de medios, así como as baseadas na “cultura maker” baixo a premisa da aprendizaxe-servizo.

Coordinou tamén a participación do centro no proxecto Make It Open, en colaboración cos Museos Científicos de A Coruña e o CFR de Ferrol, cun formato Open Schooling, asesorando en canto a recursos para o desenvolvemento dos escenarios de aprendizaxe en consonancia co Plan Lector.

Por último, é relatora en xornadas formativas para a Asesoría de Bibliotecas Escolares, Centros de Formación do Profesorado e en cursos de formación do profesorado impartidos por diversas universidades

### ***Impresión 3D: por qué e para qué? Experiencias nun centro de infantil e primaria***

- Experiencias sobre impresión 3D realizadas co alumnado de 3º a 6º de Primaria na Biblioteca Xoán Farias, a biblioteca do CEIP de Pazos, dentro do proxecto de Biblioteca Creativa.
- Manexo do programa de deseño Tinkercad, exploración dos repositorios de obxectos, descarga de obxectos, importación e modificación de arquivos stl, autoría e dereitos de propiedade intelectual, tipos de licenzas.
- Outras utilidades da impresora 3D nos centros de primaria.





XUNTA  
DE GALICIA